



Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Riós para a Participación Activa do Centro de Desenvolvemento Agroforestal de Riós no desenvolvemento dun Programa específico de promoción do cultivo e produción da castaña durante os anos 2017, 2018 e 2019

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Ordenación Forestal da Consellería do Medio Rural,

DECLARA:

Que esta dirección xeral ten previsto formalizar co Concello de Riós o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 2017 ata o 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Este convenio ten por obxecto impulsar a participación activa do Centro de Desenvolvemento Agroforestal de Riós no desenvolvemento dun Programa específico de promoción do cultivo e produción da castaña.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Consellería do Medio rural é consciente da necesidade de desenrolar o sector primario sobre todo en esta zona cun enorme potencial na produción de castaña, tanto en volume como en calidade, cunhas novas oportunidades de creación de emprego e rendas e cunha poboación pequena e envellecida, onde calquera axuda ou apoio para o desenvolvemento das potencialidades da zona é absolutamente prioritaria e de gran interese social e económico. Sobre todo se temos en conta a potencialidade e aptitude da zona para cultivos tan interesantes como o da castaña. Por estas razóns a achega económica desta Consellería ao abeiro do presente convenio ten un carácter de interese público e económico que xunto a que o Centro de Desenvolvemento





Agroforestal de Riós é un centro único na zona dedicada á finalidade deste convenio considéranse razóns suficientes que xustifican a falta de concorrência, de acordo co establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 22 de xaneiro de 2018

